



PROVIDENCIA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

NUMERO EXPEDIENTE	2024026224
ASUNTO	INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN DE XARDINEIRAS E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE PRAZAS DE APARCAMENTO RESERVADAS E ACCESIBLES DE 10 MUNICIPIOS DO PROXECTO “DA TÚA MAN” (RURAL II) PRESENTADO Á CONVOCATORIA DE AXUDA 2023 PARA O APOIO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS RURAIS COFINANCIADO POLO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU
TRÁMITE	Incoación do expediente

A Vicepresidenta en virtude das competencias que ostenta en materia de contratación, dita a seguinte PROVIDENCIA

O art. 116 da Lei de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), dispón a celebración dos contratos das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no art. 28 LCSP

1. NECESIDADE E IDONEIDADE*

INTRODUCCIÓN

A Deputación de Pontevedra en liña co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ten como un dos principais obxectivos en materia de comercio, o desenvolvemento de mecanismos para posicionar de maneira eficiente o territorio, xerando así unha maior competitividade no tecido empresarial da provincia e, especialmente, tendo en conta que en tempos de pandemia e confinamento, os comercios de proximidade estiveron pechados ou sufrindo importantes restricións de aforo o que provocou perdas económicas irrecuperables e fai necesario que desde a administración vélese pola reactivación eficaz da promoción económica local e, por outra banda, supuxo un impulso para que moitos iniciasen a súa transformación dixital. A recuperación do comercio de proximidade non debe centrarse unicamente en medidas orientadas aos comerciantes xa que tamén é esencial a implicación e sensibilización dos membros dunha mesma comunidade na recuperación deses negocios, debido a que este sector axuda ao mantemento da economía local, ao fomento da empatía e a solidariedade. En definitiva, crea sociedades máis fortes e cohesionadas, con maior capacidade para actuar.

Neste sentido, a Deputación de Pontevedra aprobou un Plan de Reactivación con motivo da pandemia COVID-19 ca finalidade de fortalecer e impulsar a actividade de sectores estratéxicos da nosa provincia prestando especial atención ao produto e comercio local. Dito Plan centrouse en tres





tipos de actuacións: asesorar e mellorar as habilidades dixitais dos pequenos negocios (especialmente o comercio e hostalaría), fomentar o consumo no comercio local, así como os produtos de km 0 e reparto de material publicitario nos municipios de menos de 20.000 habitantes.

A execución deste plan pon sobre a mesa a necesidade de reforzar e actuar de modo específico nos municipios de menos de 5.000 habitantes onde factores como a dispersión xeográfica, a falta de relevo xeracional no pequeno comercio ou a brecha dixital fan necesario realizar unha actuación marco de cara a dar resposta ás necesidades específicas deste sector neses municipios seguindo os retos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) do Goberno de España. E, por iso, tendo en conta as convocatorias publicadas polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, a Deputación de Pontevedra desenvolveu o proxecto "Da túa man" dirixido a municipios de menos de 5.000 habitantes.

Este proxecto non xorde de modo illado, senón como actuación complementaria á labor emprendida de apoio ao comercio local pola Deputación de Pontevedra que, seguindo o PRTR, deseñou outros dous proxectos, "Commerce Inside" en zonas turísticas e "Da túa man" cunha liña para municipios entre 5.000 e 15.000 habitantes, que foron aprobados na convocatoria de 2021 de apoio ao comercio polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e "Da túa man" (rural) destinado a municipios de menos de 5.000 habitantes aprobado na convocatoria de 2022.

O 14 de marzo de 2023 publicouse no Boletín Oficial do Estado número 62 o Extracto da Resolución da Secretaría de Estado de Comercio de 10 de marzo de 2023, pola que se aproba a convocatoria 2023 da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia cuxas bases reguladoras recóllense na Orde ICT/950/2021, de 10 de setembro (BOE núm. 218 de 11 de setembro de 2021), modificada pola Orde ICT/566/2022 de 15 de xuño (BOE núm. 148 de 22 de xuño de 2022) e a Orde ICT/185/2023 de 22 de febreiro (BOE núm. 49 de 27 de febreiro de 2023). As axudas que se financian conforme a esta Orde enmárcanse na inversión 4.2.2, apoio ao comercio, do compoñente 13, impulso á Pyme, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España.

En consecuencia, a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto "Da Túa Man" á citada convocatoria, que ten as seguintes características:

Obxectivo global: Visibilizar e modernizar ao pequeno comercio local adaptándoo aos novos hábitos de consumo a través da implantación e uso das novas tecnoloxías e o desenvolvemento de prácticas que promovan a economía circular (redución na creación de residuos, promoción da reciclaxe e reutilización dos residuos) así como unha mellora no acondicionamento dos espazos que sirva para ofrecer un servizo óptimo á poboación local e de foco de atracción de visitantes.

Así mesmo, preténdese crear vínculos en toda a cadea de valor do comercio local e o produto de km 0 para impulsar unha estratexia común implicando ás comunidades locais e da man dos Concellos e a Deputación de Pontevedra aproveitando as potencialidades e recursos endóxenos (produtos locais, culturais e turísticos) destes termos municipais para favorecer a empregabilidade e permanencia dos veciños no territorio.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: Desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 30 de xuño de 2024 para a execución e pago e ata o 30 de setembro de 2024 para a xustificación.





Ámbito de actuación do proxecto: Os municipios de A Guarda, A Illa de Arousa, Catoira, Covelo, Crecente, Fornelos de Montes, Moraña, Oia, Pazos de Borbén, Portas e Vilaboa.

Financiamento: 100% o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Orzamento financiable: 500.000,00 euros.

Subvención proposta: 500.000,00 euros.

Actuacións:

Concepto	Actuación
Transformación dixital	Campañas de comunicación e promoción en soportes dixitais
Transformación do punto de venda	Adaptación da accesibilidade ao entorno comercial
Sostibilidade e economía circular	Promoción de packaging sostible
	Instalación de illas ecolóxicas e actuacións de economía circular
	Dispositivos para a reciclaxe de residuos especiais
Cadea de subministración e rastrexabilidade	Rede de comercio retalista, produtores locais y provedores
Sensibilización e formación	Sensibilización e formación teórica e práctica de habilidades e uso e xestión de ferramentas tecnolóxicas no comercio
	Sensibilización e campañas para o fomento de estratexias de economía circular
Outros gastos subvencionables	Sinalética integrada

O 8 de setembro de 2023 a Dirección Xeral de Política comercial do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo notificou a proposta de resolución definitiva de concesión da citada axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para o proxecto "Da Túa Man" cun orzamento financiable de 500.000,00 € e 500.000,00 euros de subvención proposta.

Polo que para a consecución dos fitos e obxectivos marcados na convocatoria e na memoria do proxecto presentada e polo menos executar os requisitos sinalados no art. 24.b da Orde citada financiada pola Unión Europea – NextGenerationEU, lévase a cabo a contratación da actuación relativa á adaptación da accesibilidade á contorna comercial.

NECESIDADE E IDONEIDADE

O proxecto "Da Túa Man" presentado á convocatoria 2023 contempla unha serie de actuacións a executar pola Deputación de Pontevedra nos concellos adheridos entre a que se atopa a adaptación da accesibilidade á contorna comercial.

Tanto a Deputación de Pontevedra como os municipios asociados ao proxecto son conscientes que a defensa da sustentabilidade nas súas diferentes vertentes (social, económica e medioambiental) é de vital importancia para facer atractivo o comercio de proximidade, facendo aínda máis relevante a relación bidireccional que o comercio ten no medio ambiente. Por iso, a calidade, a xeración de





emprego de calidade, o fomento da calidade de vida dos residentes, a xeración da riqueza a través do comercio e a conservación do medio ambiente son fundamentais para o éxito do comercio de proximidade. A diferenciación e o atractivo do comercio dos municipios asociados ao proxecto basearase no uso do comercio de proximidade como instrumento de posta en valor dos recursos endóxeos que impulse o comercio local apoiado pola dixitalización, preserve os atributos innatos do territorio e fomente os elementos de proximidade como principal reclamo do comercio.

En consecuencia un dos obxectivos do proxecto é o embelecemento das zonas comerciais para fomentar o seu atractivo e a súa accesibilidade de forma que contribúa a atracción de visitantes e turistas á vez que se pretende promover e dinamizar a actividade comercial. Por tanto, preténdese que as persoas que o necesiten dispoñan de prazas reservadas de aparcamento próximas ás principais áreas de actividade comercial dos municipios adheridos ao proxecto, así como a delimitación destas áreas con xardineiras.

Deste xeito, se pretende abordar o desafío da accesibilidade dos distintos grupos de poboación ao comercio polo miúdo nestes municipios rurais que se caracterizan, en xeral, por unha alta porcentaxe de poboación en idade avanzada. E, por outro lado, preténdese delimitar a área comercial para facilitar que se articule como un lugar accesible de encontro e vertebrador da vida cotiá.

Sínálase que, atendendo ao obxecto desta contratación, a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios necesarios para a realización dos traballos obxecto de contratación, motivo polo que unicamente se pode recorrer a empresas do sector que posúan capacidade para realizar este tipo de subministracións.

Por todo anterior, en cumprimento do disposto no artigo 28 da LCSP, faise constar a idoneidade do seu obxecto e contido proxectado para satisfacer estas necesidades sendo necesario, por tanto, a tramitación do correspondente expediente de contratación para execución da actuación relativa á adaptación da accesibilidade á contorna comercial.

COMPETENCIA QUE SE EXERCE OU FIN INSTITUCIONAL PROPIO

As actividades do servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local e esta en concreto, basease na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial tal e como sinala o art. 36.1.d da Lei de Bases de Réxime local. A tal efecto os obxectivos desta institución están en liña co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia así como coa convocatoria e proxecto que se pretende executar e está xustificado anteriormente.

2. SERVIZO SOLICITANTE*:

	Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local
Responsable do contrato:	Manuel Corujo Castro, Xefe do servizo



Responsable da Administración:	Manuel Corujo Castro, Xefe do servizo
---------------------------------------	---------------------------------------

3. OBJECTO DE CONTRATACIÓN E DIVISIÓN EN LOTES*:

Denominación do contrato:	Subministración de xardineiras e execución das obras de instalación de prazas de aparcamento reservadas e accesibles de 10 municipios do proxecto "Da túa man" (rural II) presentado á convocatoria de axuda 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU.	
Obxecto e contido:	<p>O obxecto do contrato é a subministración de xardineiras e execución das obras de instalación de prazas de aparcamento reservadas e accesibles de 10 municipios do proxecto "Da túa man" (rural II) presentado á convocatoria de axuda 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (actualmente Ministerio de Economía, Comercio e Empresa) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU.</p> <p>As condicións das prestación recóllense no Prego de Prescricións Técnicas e no Prego de Condicións Administrativas Particulares que rexe o procedemento de contratación.</p> <p>A execución do contrato está dirixido a diferentes localidades da provincia de Pontevedra contemplados no proxecto "Da túa man" nos seguintes concellos: Catoira, Covelo, Crecente, Fornelos, A Guarda, A Illa de Arousa, Moraña, Oia, Portas e Vilaboa. Nestes concellos executarase a actuación relativa á adaptación da accesibilidade á contorna comercial cuxos traballos se detallan en cada memoria técnica.</p>	
CPV:	<p>45000000-7 Traballos de construción 45233140-2 Obras viales 34928400-2 Mobiliario urbano 45233293-9 Instalación de mobiliario urbano</p>	
Lotes	<input type="checkbox"/> SI	Son os seguintes:
	<input checked="" type="checkbox"/> NON:	O artigo 99.3 b) da LCSP, indica como motivo válido que xustifica a non división en lotes, o feito que a





		<p>realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultara a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico.</p> <p>Pola natureza do obxecto do contrato é aconsellable a non división en lotes, propoñendo unha única adxudicación, dado que o pretendido con esta contratación busca seguir unha mesma liña de subministro e deseño o que dificultaría o entendemento do obxecto final pretendido.</p>
--	--	--

4. TRAMITACIÓN PROPOSTA*:

Tramitación proposta:	<input checked="" type="checkbox"/> ORDINARIA <input type="checkbox"/> URXENTE No caso de tramitación urxente, motivación: <div style="border: 1px solid black; height: 40px; width: 100%;"></div>
Tramitación anticipada:	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON
Incluído no plan anual de contratación:	<input checked="" type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

5. FINANCIACIÓN*:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	240.4316.652.99.2023 (gastos diversos) ou na súa vinculación xurídica	63.197,98 €

6. PRAZO DE EXECUCIÓN/DURACIÓN*:

Prazo de execución/duración do contrato:	O prazo máximo de execución destes traballos será de 6 meses contados a partir da formalización do contrato e, en todo caso, antes do 31 de decembro de 2024.
--	---





Posibles prórrogas nos contratos de duración:	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON
	Número de prórrogas:
	Duración de cada prórroga:

7. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:

	Orzamento execución material	13% Gastos xerais	6% Beneficio industrial	Orzamento execución contrata	21% IVE	Orzamento base de licitación
Catoira	4.552,26 €	591,79 €	273,14 €	5.417,19 €	1.137,61 €	6.554,80 €
Covelo	4.325,71 €	562,34 €	259,54 €	5.147,59 €	1.080,99 €	6.228,58 €
Crecente	4.511,22 €	586,46 €	270,67 €	5.368,35 €	1.127,35 €	6.495,70 €
Fornelos de Montes	4.746,22 €	617,01 €	284,77 €	5.648,00 €	1.186,08 €	6.834,08 €
Guarda, A	4.552,26 €	591,79 €	273,14 €	5.417,19 €	1.137,61 €	6.554,80 €
Illa de Arousa, A	4.545,18 €	590,87 €	272,71 €	5.408,76 €	1.135,84 €	6.544,60 €
Moraña	4.052,03 €	526,76 €	243,12 €	4.821,91 €	1.012,60 €	5.834,51 €
Oia	4.424,26 €	575,15 €	265,46 €	5.264,87 €	1.105,62 €	6.370,49 €
Portas	4.090,71 €	531,79 €	245,44 €	4.867,94 €	1.022,27 €	5.890,21 €
Vilaboa	4.090,71 €	531,79 €	245,44 €	4.867,94 €	1.022,27 €	5.890,21 €
TOTAL	43.890,56 €	5.705,75 €	2.633,43 €	52.229,74 €	10.968,24 €	63.197,98 €

XUSTIFICACIÓN DOS PREZOS*

O cálculo do prezo foi fixado axustándose aos prezos de mercado e o orzamento calculouse de acordo aos artigos 100.2 e 101.7 da LCSP.

Trátase dun contrato mixto que contén prestacións de obra e subministración sendo a prestación principal a de subministración segundo o detalle do orzamento en cada memoria técnica.

No cálculo do custo total considerouse a aplicación das porcentaxes do 13% de gastos xerais e do 6 % de beneficio industrial recollidos no artigo 131.1 do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro. En efecto, a aplicación destas porcentaxes está xustificada porque a prestación do contrato leva asociada, de forma xeral, a realización de traballos especializados, trámites e, de forma indirecta, a implicación e dedicación dun grupo de persoas. Polo tanto, aplicáronse estas porcentaxes ao total resultante de sumar os seus importes.





8. RÉXIME DE PAGOS*:

Os pagamentos á empresa adxudicataria realizaranse mediante certificacións finais en función dos traballos realizados en cada concello de acordo coas memorias técnicas, polo que o pago poderá realizarse fraccionado en función das mesmas.

As facturas deberán ser presentadas unha vez que o servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local e/ou facultativo designado comprobe os traballos entregados e con posterioridade á acta de recepción do mesmo.

9. CLASIFICACIÓN DE CONTRATISTAS*:

<input type="checkbox"/> Obras (arts. 25 e 26 RD 1098/2001)	Grupo ____ Subgrupo ____ Categoría ____
<input type="checkbox"/> Servizos (arts. 37 e 38 RD 1098/2001)	<input type="checkbox"/> SI: Grupo ____ Subgrupo ____ Categoría ____
	<input type="checkbox"/> NON: O código CPV propio do obxecto do contrato non ten correspondencia con ningún dos grupos ou subgrupos de clasificación vixentes, segundo o Anexo II do RD 1098/2001.
<input checked="" type="checkbox"/> Non procede	(Outros contratos ou para o caso de tramitación por procedemento aberto simplificado abreviado)

10. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA CAPACIDADE , SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA*:

Habilitación empresarial ou profesional específica	<input type="checkbox"/> SI: Especificación e explicación:
	<input checked="" type="checkbox"/> NON
SOLVENCIA ECONÓMICO-FINANCEIRA	
<input checked="" type="checkbox"/> O aplicable en defecto de previsión	
<input type="checkbox"/> Outros	Determinación:
	Xustificación:



<input type="checkbox"/> Non procede	(Tramitación para procedemento aberto simplificado abreviado)
SOLVENCIA TÉCNICA	
<input checked="" type="checkbox"/> O aplicable en defecto de previsión	
<input type="checkbox"/> Outros	Determinación:
	Xustificación:
<input type="checkbox"/> Non procede	(Tramitación para procedemento aberto simplificado abreviado)
COMPROMISO DE MEDIOS	
De conformidade co establecido no artigo 76.2 da LCSP, os licitadores comprometeranse a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso. A este compromiso atribúeselle o carácter de obrigación esencial para os efectos previstos no artigo 211 da LCSP.	

11. CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN:

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS (MÁXIMO 100 PUNTOS)	
Criterio:	Prezo ofertado, ata un máximo de 70 puntos
Xustificación:	Segundo a fórmula que determine o órgano de contratación
Criterio:	Ampliación do prazo de garantía das xardineiras, ata un máximo de 20 puntos
Xustificación:	<p>Considérase importante asegurar o óptimo funcionamento do subministro e a súa permanencia o maior tempo posible de forma que se garante o destino da inversión polo período establecido nas bases e convocatoria da axuda do proxecto.</p> <p>Valorarase a ampliación do prazo de garantía a maiores do mínimo esixido que é de 3 anos (equivalente a 36 meses), de acordo ao art. 120 do Real Decreto Legislativo 1/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios e outras leis complementarias.</p> <p>Fórmula:</p> <p>Puntuación= $[(a-b)/(a-c)] \times d$</p>



	<p>Onde:</p> <p>a= número de meses de garantía mínimo (a=36 meses)</p> <p>b= número de meses de garantía a maiores do mínimo esixido pola empresa licitadora obxecto de cálculo.</p> <p>c= número de meses de garantía a maiores do mínimo esixido pola empresa licitadora que realice a mellor oferta.</p> <p>d= puntuación máxima outorgada ao criterio (30 puntos)</p>
Criterio:	Ampliación do prazo de garantía das sinais, ata un máximo de 10 puntos
Xustificación:	<p>Considérase importante asegurar o óptimo funcionamento do subministro e a súa permanencia o maior tempo posible de forma que se garante o destino da inversión polo período establecido nas bases e convocatoria da axuda do proxecto.</p> <p>Valorarase a ampliación do prazo de garantía a maiores do mínimo esixido que é de 3 anos (equivalente a 36 meses), de acordo ao art. 120 do Real Decreto Legislativo 1/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios e outras leis complementarias.</p> <p>Fórmula:</p> <p>Puntuación= [(a-b)/(a-c)] x d</p> <p>Onde:</p> <p>a= número de meses de garantía mínimo (a=36 meses)</p> <p>b= número de meses de garantía a maiores do mínimo esixido pola empresa licitadora obxecto de cálculo.</p> <p>c= número de meses de garantía a maiores do mínimo esixido pola empresa licitadora que realice a mellor oferta.</p> <p>d= puntuación máxima outorgada ao criterio (30 puntos)</p>

12. DETERMINACIÓN DO VALOR ANORMAL CON PLURALIDADE DE CRITERIOS:

Para a identificación dunha oferta como anormal no seu conxunto terase en conta, a parte do prezo, estes criterios que teñen transcendencia económica:



Basease a determinación da desproporcionalidade exclusivamente no criterio do prezo, xa que os demais criterios non se consideran transcendentales para estes efectos.

Determinarase como umbral de temeridade aqueles que obteñan unha puntuación superior ao ___% do total, e a baixa da oferta económica sexa superior ao ___% do prezo base de licitación.

13. ESTRUCTURA E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA OFERTA:

14. PENALIZACIÓNS:

15. OUTRAS CLÁUSULAS:

Financiamento Da túa man (rural I):

Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU.

Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (100%)

63.197,98 €

Aplicación Coffee:

O proxecto Da túa man (rural II) figura no estado "Revisado" na aplicación CoFFEE con localizador C13.l04.P01.S39. Dende o pasado día 19/03/2024 a plataforma de CoFFEE está inoperativa, ata novo aviso, para os proxectos desta convocatoria ata novo aviso debido á realización de axustes internos, segundo o correo electrónico recibido pola Subdirección General de Apoyo a la Competitividad del Pequeño Comercio. Na actualidade segue na mesma situación. No obstante, enviouse un correo electrónico para que informen da previsión da operatividade ou opción de cara a xerar o Código de Referencia de Operación (CRO) que necesitamos para acceder a MINERVA.

Dirección de obra

Levarase a cabo pola UTE adxudicataria do lote 2 do acordo marco para a contratación do servizo de consultoría e asistencia técnica para a presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiados con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (exp 2022036341) do que se adxudicou o correspondente contrato derivado para o proxecto Da túa man (rural II) con número de expediente 2023056109.





Considerando. - O establecido no artigo 73 do Real decreto 1098/20001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP), e en cumprimento dos principios establecidos no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, deberá determinarse con precisión a necesidade que pretende cubrirse, así coma a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacelas.

Considerando. - Que por Resolución da Presidencia de data 15 de marzo de 2024 (RP2024002173), de delegación de competencias e a Resolución Presidencial n.º 2024002205, de 15 de marzo de 2024, de concreción de atribucións específicas, delegáronse o inicio dos expedientes de contratación para obras, servizos e subministracións nas súas respectivas áreas.

Dispoño,

Primeiro.-Iniciar ou expediente para a contratación da subministración de xardineiras e execución das obras de instalación de prazas de aparcamento reservadas e accesibles de 10 municipios do proxecto "Da túa man" (rural II) presentado á convocatoria de axuda 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (actualmente Ministerio de Economía, Comercio e Empresa) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU.

Segundo.- Remitir ao servizo de contratación a seguinte documentación para que se prepare o pertinente expediente e elévese ao órgano de contratación para a súa aprobación.

- Prego de Prescricións Técnicas: memorias técnicas de 10 concellos.
- Certificado de existencia de crédito.
- Cuestionario de autoavaliación do cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR)
- Documento de definición de subproxecto.

Asinado electronicamente á marxe.

